

## A historia de María Naveiras de Ferreira



Extracto de NÚÑEZ SEIXAS, X.M. e SOUTELO VÁZQUEZ, R., *As cartas do destino. Unha familia galega entre dous mundos, 1919-1971*, Editorial Galaxia, 2004.

O que segue é a transcripción dos recordos de María Naveiras Naveiras sobre os seus irmáns e outros veciños de Ferreira que tamén emigraron, coma eles, a Bos Aires e Montevideo. Foi a penúltima filla de Teresa Naveiras e Juan Naveiras Varela, e naceu na freguesía de Ferreira en 1897. Textualizamos a transcripción das gravacións, suprimindo as nosas preguntas sempre que foi posíbel, sen que atinxise á comprensión do texto.

“Agora xa se me olvidaron moitas cousas, meus irmaus marcharon pola necesidá que había e quixeron ir a ver si gañaban unha peseta, que na casa non se podían ter once irmans que fomos. Facía falta moita cousa e houbo que ir gañar a Buenos Aires. Tres foron a Buenos Aires e un foi para Montevideo. Os que foron a Bos Aires chamábanse: Emilio o máis vello, que despois veu eiquí cando morreron meus padres, para cabo nosoutros e morreu eiquí, e chamábase Emilio. Despois foi Eduardo e despois José e o que foi para Montevideo era Vicente. Emilio era o máis vello e despois Eduardo, despois era José e o que foi para Montevideo, Vicente. Pero eiquí morreron máis, morreron un que lle chamaban Angel, un Ricardiño e dous morreron os primeiros, xa non os acordo eu. Estes morreron eiquí, pero eu inda non nacera. A máis nova era Manuela que foi para Buenos Aires tamén, e despois de Manuela, Josefa, despois Vicente e despois eu. O Vicente xa tiña ós irmaus en Bos Aires, pero marchou para Montevideo porque eiquí decían que Buenos Aires non estaba ben coma Montevideo e foi pralá. Tiroulle a cabeza que llo dixo mi padre, díxolle: "Pero por qué non vas para cabo de los hermanos?". "Porque eles xa están aló e eu vou ver si se gaña máis en Montevideo". Foi pralí e alí morreu. Foise casado, marchou



**María Navairas Naveiras** Ferreira  
(20/7/1897) morreu ao 106 anos en  
Cadavás o 20/12/2003

coa muller. A muller era daquelas casas que hai xunto á igrexa, chamábase Delfina. En Montevideo coñecidos non tiña nadie pero había veciños e tamén estaban en Buenos Aires, si que tamén se marcharan para Buenos Aires. Eu non sei, tiroulle a cabeza de ir praló e foi. Il sabía que en Montevideo se ganaba máis, diríanllo uns hermanos ós outros. Disque os de Buenos Aires iban a Montevideo e estes iban verse a Buenos Aires, disque queda moi cerca, que eu non fun aló. Pero mandárono decir en cartas, que senón, non sabíamos nada: “para carnaval ven nuestro hermano Vicente visitarnos”. Pro outro, ao mellor, decidían os de Buenos Aires que iban visitar a Vicente, e así falarían entre eles, eu iso non o sei.

Meus pais nunca se foron, non. Esta casa foi partida en dúas vivendas, así ao medio, naquela estaba mi padre e como non había larganza e mi padre deu en ter fillos dixo “pois haise que ir deiquí” e fomos ahí pr’esas casas de Chau que hai ao lado da carretera e eí morreron. Cando se fixo esa carretera morreron meus padres, foi daquela, leváronse oito días namais, mi madre e mi padre. E había quince meses que morrera Anxel, estaba facendo o servico e mi padre dixo: “bueno, morreume ise fillo, ha de ser a miña morte!” e aos quince meses morreron os dous. ¡Ai! Daquela, mire, foi unha cousa... Dios mío, quedamos eu e máis os tres máis novos namáis, e o lugar é moi grandísimo, pero non era noso que era alleo. Estábamos de caseiros nese lugar e ao que morreron, venderon o lugar. Eu dixen: “¡Ai mi madre, para onde habemos de ir, Dios mío!, para onde habemos de ir?”. Tíñamos un tío que vivía acolá naquelas casas que foi onde naceu mi madre, acolá, naquelas casas, e entón o tío era o que dispoñía todo, eu decíalle: “Ai por mi madre, tíño de Dios, para onde habemos de ir?”, a xente veu ao mortorio de noite e xa decía “pois María terá que ir para tal sitio e Josefa polo mundo”, para nos botar polo mundo, de criadas, claro. E si non fora o tío tíñamonos que ir, entón dixo o tío: “¡non, polo mundo namentras eu viva non van! Teñen un arrimo en Cadavás e van xuntar aquela casiña toda e van pralí. Mentras eu viva non se van”. E así foi, deron en xuntar estas dúas casiñas e viñemos praiquí eu e máis un tío, que tamén era moi velliño, que non quedou e morreu eiquí, cando viñemos praiquí. ¡Ai! foi un trago, meu fillo, porque daquela eu aínda era nova, pero era a máis vella dos irmaus que había eiquí. ¡Dios queira que nadie pase as que eu levo pasado neste mundo!. Quedeí a máis vella e moito lucheí, ¡Como foi a nosa vida!

Eu non sabía nada e déranos un ano de término para librar e nese ano. ¡Canto eu rabiei e traballei! Porque o lugar había que traballalo, que non podíamos deixalo a campo. E moito traballei, Dios mío, como era a máis vella.

O lugar dábanos maínzo, trigo, patacas, coma agora, pero polos montes. Había que sacar para sembrar: cavar roza, arrancar leña para sembrar todo o monte. Para sembralo houbo que arrancar a leña, arrancar con homes esa leña que ten e despois había que quitarlle as polas e despois quitala do monte co carro e o gado e despois, cando fora a hora, cavala, cavarlle os terrós e despois queimala. ¡Ai Dios mío, cánto traballo daba aquilo, non me quero acordar! A eso chamábase sementar a roza. E tiñamos seis vacas cando estábamos en Chao e traballábase de caseiros prós señores, o trato era que había que dar a renta. Segábase o trigo, todo xunto, e despois cando era de carretalo para eira, para mallalo, quitábase tres pares de mollos para nosoutros, pró caseiro, e un par pró amo e así íbamos pagando o lugar, con esa renta. As amas vivían en Ferrol, eran dúas vellas moi riquísimas e tiñan dous lugares, o noso e máis o que estaba liado no noso. Era moito moito traballo, claro que era moito traballo, pero acostumábase a chamar xente para facer moitos traballos e despois volvíano chamar a el para volver para outra casa, por exemplo, para segar, chamábase mulleres e homes e despois había que irles a eles. Chamábase cambiar. Había que ir e vir: o dueño e máis outro que viña cando segara o dueño e a aqueloutro había que irle axudar tamén. Así cambiabamos uns cos outros a así se iba traballando o lugar, que senón non podíamos facelo nos sós.

Alá en Bos Aires tiñamos veciños e chamábanse uns os outros. Aos irmaus eu acórdoos sempre fora, menos un que marchou despois. Eu non sei que idea levaban daquela, que se marcharon moi noviños. Si, cando se iba acercando o servicio marchábanse iles. Non quixeron ir, nunca quixeron ir e fóronse praló. O de Montevideo foise, pero veu facer o servicio eiquí e máis casarse. Veu, casouse e máis fixo o servicio e despois volveuse ir coa muller para Montevideo. Os mozos viñan para casar e logo volvían marchar praló. Mi padre daquela, pobriño, mandounos chamar a ver si viñan dar unha volta, pero nunca volveron. Os de Buenos Aires nunca volveron, tamén lles foi mal aló. Un dis que lle quitaron unha

perna e outro estaba moi pobriño tamén, tiña fillos e así foi pasando, entón nunca viñeron. Pero os meus irmaus casaron aló en Bos Aires, pero eran da parroquia. A familia da muller xa estaba aló e aló naceron as mulleres de meus irmaus porque tiñan aló ós padres. Foron de Ferreira, deí dabaixo da igrexa, eran as tres deí, de familias que marcharan.

Un ano viñeron moitos mozos dar unha volta, moitos e todos eran veciños, pero meus irmaus nunca viñeron. Foi daquela que os chamara mi padre, que a ver si viñan dar unha volta que xa viñeran moitos, pero meus irmaus non viñeron. Moitos viñeran pasar o vrau eiquí ás festas, cun pantaloncito branco, *pajilla* na cabeza de sombrero, ¡María Santísima, non se pousaba unha mosca neles! As mozas decíamos: “¡Ves, ves, aló vai un habanero, mira que bonito é!”. Ai, era bonito, pero ao mellor iba pra cabo doutra. Viñan máis bonitos cós deiquí, con zapato branco, e daquela os deiquí iban como se podía, cun traxiño faxeiro, cativo, que daquela non se podía. Pero eles conócíanse nas festas todas. “¡Aló vai un habanero!” Chamábanlles habaneros aínda que estivesen en Montevideo ou Bos Aires, porque case todos viñan de Montevideo e mais de Buenos Aires, eran veciños de por eiquí. Esí que pasaban as festas do patrón, San Pelaio e San Cristovo, algún xa se volvía ir e despois fóronse todos. Os que viñeron fóronse todos, si. Volvéronse ir todos.

Mandaron moitos cartos para facer as escolas. ¡Ai Dios mío si me acordo, cantos cartos mandaron meus irmaíños! Fixeron unha sociedade entre os veciños todos que foron deiquí, que foran moitos, moitos veciños había aló, e fixeron unha sociedade para mandar os cartos. Pero meus irmaus, ai os que mandaron, mi madre, mandaron máis ca unha vez, que non sei cantas veces mandaron cartos. E eiquí tamén había moitos na sociedade esa, pero eiquí os da sociedade si habían de gardar os cartos para emplearen, viña o remate da semana e iban pra taberna. E con que pagaban? Cos cartos dos meus irmaus e máis dos demais! Pero os de fóra chegaron a sabelo e despois vaia carta que mandaron pr'acó e non mandaron outro chico, ¡Ai eso non!... lles tiñan encargados ou representantes acó. Meu irmau Emilio era un que viñera de fora, de cabo os irmaus e tamén era un dos encargados de escribirlles. Meu irmau era o que escribía. Eran catro de

encargados dos americanos que mandaban os cartos. Decíamos nosoutros: ¡Ai Dios mío, mira si nolos mandaran meus irmaus, comprábamos o lugar de Chao e aquí estanos comendo nas casas da escola que, ao mellor, quedan! Pero non quedaron: fixéronse. Os outros encargados, ademáis do seu irmau Emilio, eran un deiquí, e lle chamaban tío García de Ferreira de Arriba e outro tío Manuel de Hermida que tamén era veciño. Outro meu irmau Emilio e outro tío Francisco de Mera, que era eí dabaixo da igrexa, e outro tío Manuel de Grandal que é de Piñeiros, daquelas casas que se ven acolá e non había máis. Deles non viven ningún, pero teñen fillos ou netos, acolá en Piñeiros xa os netos. E o tío García de Borreiros en Ferreira de Arriba e o tío Manuel de Hermida tamén. Eran dese lugar de Borreiros que está ao lado da escola. O tío Francisco de Mera era da Castiñeira, onda a igrexa, vívenlle as netas. E meu irmau Emilio era o escribente de todos, moito aquí escribeu. Tiña mal xenio e ten rachado máis pliegos de papel, saíanlle mal, ¡moito ten rabeado, e, abofé ten! “Me cago no traballo, me cago nisto, me cago no outro”, rachábao e tiña que facer outro. E despois, María Santísima, botaba lume. Era o máis vello, estivera en Buenos Aires tamén. Cando volveu pracó, traballou no lugar coma nosoutros; agora que xa non se acordaba de como se facían moitos traballos, pero vía ós veciños como era e andaba coas vacas. Despois, por último, xa era como nosoutros. Pero o pobre logo morreu.

Os traballos que máis facían os nenos era andar coas vacas cando alindaban darredor do trigo ou iso, que había que alindar as presas. E había que ir ao monte para arrancar á leña. Era coma este e xa iba polos montes alindando as vacas e cando viña coas vacas traía as pernas todas sangrando das silvas e dos toxos. ¡Abofé conto verdá! E as rapazas varrer a cociña, lavar unhas tazas... así desas fuchicadas. En canto non podían ir traballar fora. Despois os domingos, si, os domingos levábannos á misa e esa era a nosa diversión, non había outra. Os domingos era cando tíñamos os bailes. Viñan os mozos e cada un atendía a súa moza, había que bailar e tocaban e boreaban. Fiaban as vellas, de día, pola tarde, fiaban as vellas, e pola noite viña a rapacería, os fillos e mais as fillas, os novos, as vellas que estaban fiando, cenaban e íbanse e daquela comezábase o baile nunha casa. Decíamoslle: “Eh, tío Xan! Podemos subir á sala?”. Mire que tontería, facer os bailes nunha casa, que se estropeaba a casa toda. E veña baile, veña

baile, en tódalas casas. ¡Divertíamonos máis ben! Había música de acordeóns e gaitas. Outra música non, pero esas tocaban moi ben. E cos mozos quedábamnos solas, así as mozas todas. E despois, cando chegaba a hora, si se querían casar xa viñan de día, mandábamolos vir de día, pola tarde. Daquela, había que atendelo de día, polas tardes.

A festa de San Pelaio eu acórdoala toa a vida. Pero moito non podíamos ir á festa, que non tiñamos que vestir; e había moitos que tiñan que quedar. Iban sin calzado, con zocas de pau. ¡Ai, daquela, non me quero acordar! Eu cun pano na cabeza, daquela era unha chavaliña nova, acórdome como hoxe, cun pano na cabeza e ir pra festa porque non había outra cousa. E cando viña a noite, ás doce da noite xa se desfecía a festa toda e os padres xa volvían cos cativos todos para casa. Ninguén quedaba, unicamente os que iban para Buenos Aires.

No inverno xuntábamonos pisando no toxo. Había que bourar no toxo. Collíase do monte o toxo tenro, así cando eran pequenos, cos gromos pequenos e aquel collíase para bourar no toxo. Había que ir por el no carro ou no lote, asegún, e despois viña e había que botalo nun baño de pedra e despois zouparlle así, bouralo cuns mazicos de pau que fixeran e había que bouralos moi pisadiños e despois botábase ás vacas. Eso era o que comía o gando. Pola noite había que pisar e pola mañá, en canto se había de almorzar, tamén había que pisar e almorzar despois. Así sempre, sempre. Eiquí agora hai moitos prados e vese moita herba e por iso agora naide pisa; pero daquela non había un prado, que estaban sembrados de centeo para comer, e non había un prado, mais ca todo monte, todo monte. E había que traballalo para sembralo para comer e entón non había toxo tampouco.

E xuntábamonos para fiar o liño. Mira, poidemos gardar algún aparato de fiar e non gardamos ningún. Alicia dixo que os tiña todos, tenos todos. Pois ese liño había que sembralo tamén, unha semilla que había, pequeniña, roja, moi pequeniña. E despois eso nacía e botaba unha flor moi linda, azuliña. E despois caíalle a flor e quedaba unha bolita na punta da flor. E despois esa bolita había que recollela, quitarlla ao liño e xa tiña semente pro outro ano. E despois o que

quedaba, había que arrancalo, e despois nun *tascón* que lle chamaban, nun pedazo de pau, chantábase nun banco e unha muller tascábo así. Eso facíano todo as mulleres no inverno, pero antes de metelo ao tascón, ¡Hui María Santísima!

Todo eso que tecíamos era pr'á casa, a que máis e a que menos tecía para casa, porque facía moita falta, moita, que outra cousa, non había. Non había outro género para vestir un casarío de xente e todo se tecía para casa. E íbamos fiar polas tardes, unha chea de vellas e casadas. Xuntábamonos hoxe para unha casa, mañá para outra e pasado para outra e así cada noite. E despois, aló polas doce da noite ou antes, largábanos. E viñan as fillas e os fillos das vellas e armábamos de baile na sala. A música que había na época era o acordeón, dun veciño que tocaba moi ben, eh, chamábanlle Anxel de Fraga, daquela non había gaiteros eiquí, pero había flauta. Un tocaba a flauta ás veces, non tocaban os dous xuntos que senón, despois para outra xa non había música, porque xa se sabía. Tocaban moi ben e divertíamonos como hoxe no san Pelaio e así pasábamos os invernos, mentras as mulleres tecían, os homes gardaban as vacas ou pisaban no toxo, según, no folgar non folgaban. Cocían os nabos tamén, todo de noite. E despois, o que tiña a muller fiando, iba de noite por ella e pasaba un rato. Era así. E os rapaces iban á escola cando podían, pero era de día. Iban a Burreiros. Agora que algúns xa houbo maestra en Ferreira de baixo e foron eí, os máis vellos. Despois foron ás novas, así que fixeron as novas, foron ás novas. Eu xa fun a Burreiros á nova, os meus irmaus xa estaban en fora, cando os eu acordo. Si, todos fora, aquí a escola parécemo que non foi ningún. Non, porque así que foron chavaliños xa botaron a andar. Si, é coma os meus irmaus a feito. Esí que despois pararon de se ir tanta xente e entón xa había máis rapacería por eiquí.

A escola iban todos, de noite. Había escola enriba e iban todos de noite. E despois os emigrantes pagaron eles unha escola. Cantos cartiños teñen mandado! Fixeron dúas escolas que aínda se conservan e agora estánas arreglando. Hai unha en Ferreira de Abaixo e outra en Ferreira de Arriba. Houbo unha santa grande eí, na Leiriña, nun escaparate e agora non hai nada. Outra fonte que había

eí xunto á igrexa, na carretera que ven praiquí, había a fonte de San Pelaio e tiña dous santos nun escaparate grande, san Pelaio e máis San Cristovo, e dous pichorros botaban auga, e estano arreglando agora.

O meu rapaz Avelino tíveno de solteira. Foi dun mozo que non me quixo. Cando eu estuven embarazada, habíaas así embarazadas sin o home, porque deixaban embarazada á moza e que marchaban para América para non casar con ela. Arre coño, ¡houbo moitos esí! Un dos Campos deiquí de Cadavás empreñou non sei a cantas e foise outra vez para fóra, non sei si quedaron dúas si tres preñadas dun que foi eiquí veciño. E o meu tivo catro me parece, tivo tres veciñas miñas que estaban preñadas, cando eu estaba tamén estaban elas, e non quixo a ningunha. Marchou para fora e despois casouse con outra e así que se casou, morreu. Levouno o demo, estívolle ben! Ou non? ¡Empreñoume e foise! Eu fun a primeira e despois foi empreñar ás demais, para que había facer iso! Ai, bonito era; pero tamén eu era e máis non me quixo. E máis túvenos que me gustaban pero non quixeron pasar polo aro. Tuvén un que me quería e pedírame para casarme. Il estaba fóra deiquí, en Uruguai, ese viña pracó facer o servico do Rei e non quería vir. Dunha vez veu eiquí encontrámonos el e máis eu e xa nos namoramos.

Despois volveuse marchar de camiño, díxome que nos íbamos casar: “Heiche de mandar cartos e de novio no meu canto, vai meu pai e veste para fora con meu irmau que tamén se vai para cabo de min”. E así foi, aquel quería e eu decíalle: “lévame Avelino, lévame canda ti, senón despois non che vou”. “¡Vas, vas!, casaste con mi padre, ha de ir mi padre no meu canto”. E convenceume, pero nestes medios veu o que me fixo o fillo que tamén estaba fóra e era o demo. Xa fóramos amigos antes de se ir. Ao que veu, xa veu cabo de min. ¡Moito rabiei e chorei daquela!. Xa non tiña mi madre, nin mi padre, non tiña naide quen me dera un consello. Veu cabo de min e díxome: “bueno, para a semana hei volver”. Mire ben a miña cabeza, si eu había de seguir e decirlle que viñera, estando apalabrada con outro, habíao facer? Non, non podía facelo, pero naide me dixo nada. Eu fun á miña cabeza, fixémoslo fillo daquela e despois xa non volveu. Hala, agora nin un nin outro! E así foi. Ademais, si non fora o outro, eu casábame e iba



para fóra. O outro, o Avelino, despois casouse aló así que recibeu carta miña explicándolle por que non podía ir, casouse con outra e despois non sei que tempo botou aló, veu pracó el e máis a muller e morreu acó.

Os que mandaban cartos xa non eran novos. Meus irmaus xa non eran novos para vir ás festas, por iso non viñeron. E coma meus irmaus fixeron moitos: os de Piñón, os da Plaza e todos eses fixeron unha reunión en sociedade e mandaron cartos todos, todos que non foron os meus irmaus soios. Constantino, o pai de Nieves que vive acó, tamén estivo en Cuba. Eso de marchar pra fóra era bo, pero eu o que me daba gusto era que meus irmaus viñeran tamén dar unha volta eiquí para velos, que nunca os vira a ningún. Dábame moito gusto concelos; pero nunca viñeron e nunca os conocín. Emilio conocino cando se veu praquí, senón tampouco o conocía, a Eduardo nunca o vin. José si, acórdome cando se foi; e Vicente tamén, que era máis novo. Dos demais non me acordo. Houbo ocasións, houbo ocasións de ser ben e houbo ocasións de ser mal, moi mal. Pero se non se marcharan, por eiquí pasábase fame; e fóronse porque lles deu a gana, para ganar unha peseta que eiquí non podían. E agora pásano mal aló en Montevideo, polo visto, que por eso se veu meu sobriño. Están vindo os de aló pra eiquí, buscando familia para ver si lle encontran traballo e todo eso”.

